

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16/02/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expedientes de solicitudes de Subvención á Excma Diputación 2017.-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **16/02/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 26 de Xaneiro de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A M.L.D., con NIF 76.332.849-N e domicilio nesta Vila, para proceder á reforma da cuberta dunha edificación existente(Referencia Catastral 8408716MH7580N0001TT) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución redactado polo Arquitecto Técnico

Basilio Canosa Díaz, e visado de data 19/04/2016 que consta no expediente , condicionada a que:

1.- En cumprimento co Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición os perigosos deben ser retirados e enviados a xestores autorizados.

2.- En cumprimento do Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, código técnico da edificación (CTE):

a. Seguridade estrutural: cumprirá na execución co DB SE e cos documentos básicos seguintes:

- DB SE AE accións da edificación

- DB SE A aceiro

- Teranse en conta tamén, as especificacións da normativa seguinte:

- NCSE norma de construción sismorresistente na parte xeral e edificación

- EHE instrución de formigón estrutural

b.- Seguridade en caso de incendio: cumprirá na execución co DB SI

- SI 6 resistencia ao lume da estrutura.

c.- Salubridade: cumprirá na execución co indicado no DB HS:

- HS1 protección fronte a humidade: limitarase o risco previsible da presenza inadecuada de auga ou humidade no interior do edificio e os seus cerramentos.

- HS5 evacuación augas residuais.

1d.- Protección contra o ruído: cumprirá na execución co indicado no DB HR

3.- En cumprimento do Decreto 29/2010, de 18 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, dado que as obras a realizar son de adecuación estrutural non lles é esixible o cumprimento das normas NHV-2010 (Artigo 10 do Decreto 29/2010 de 18 de Marzo).

-- Antes do comezo das obras deberá presentar nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde cando na execución da obra interveña mais dunha empresa ou unha empresa e traballadores autónomos, o promotor designará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución das mesmas.

-- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora vixente dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

1

- o EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 8 / 2016
- o DATA CONCESIÓN DA LICENZA: 16/02/2017
- o ORDENANZA DE APLICACIÓN: Edificación Extensiva.
- o PROMOTOR: Manuel Lema Díaz
- o CONSTRUTOR: -----
- o DIRECTOR DE OBRA: -----
- o DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: -----
- o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS:
- o USOS: Vivenda Unifamiliar

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de douscentos catorce euros con noventa e nove céntimos (214,99 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% do Presuposto.

3º.- Expedientes de solicitudes de Subvención á Excma Diputación 2017.-

Una vez examinadas ás Bases reguladoras do Programa de Subvencións a Concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2017 publicada pola Excma Diputación provincial no Boletín Oficial da Provincia número 14 de data 20 de Xaneiro de 2017,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria explicativa redactada ao efecto para levar a cabo a contratación de persoal técnico no Museo da Pesca de Fisterra cun gasto total de Once mil cento vinte e sete euros con trinta e nove céntimos (11.127,39 €) en concepto de salarios e Cotas Empresa para a Seguridade Social durante o ano 2017 que consta no expediente , solicitando da Excma Diputación Provincial unha Subvención para dita finalidade nun importe do 100 % .-

2º.- Compromiso firme de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que do desenvolvemento das actividades realice este Concello.

3º.- Que o Concello está ó corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación.-

4º.- Que SI se autoriza á Excma Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acrediten que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

5º.- Remitir certificación deste acordo á Excma. Deputación Provincial xunto coa documentación sinalada na Claúsula 7ª da Convocatoria.-

4º.- Asuntos varios.-

FESTEXOS POPULARES

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Comisión de Festas de San Vicente de Duio, con CIF 70278882 G e domicilio social en Denle, 36 deste Termo Municipal, unha axuda económica de Trescentos euros (300,00 €) coa finalidade de sufragar parte dos gastos que se ocasionen con motivo das mesmas os días 22 e 23 de xaneiro de 2016 na localidade de Ermedesuxo de Abaixo; debendo presentar Memoria xustificativa dos mesmos.-

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a A. M. D. B., veciña de Fisterra, con DNI número 76.362.511 G e domicilio en Castreje, deste Termo Municipal, como representante da Comisión de Festas, unha axuda económica de Trescentos euros (300,00 €) coa finalidade de sufragar parte dos gastos que se ocasionaron con motivo da celebración da Festa do Corazón de Xesus os días 26 e 28 de xaneiro de 2016 na citada localidade; debendo presentar Memoria xustificativa dos mesmos.-

SUBVENCION INVESTIMENTOS XUNTA DE GALICIA

A vista da Orde do 30 de Decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvención para creación e mellora das infraestructuras, dotacións, instalación e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinados a Concellos de Galicia para o ano 2017 publicada por parte de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicada no Diario Oficial de Galicia número 14 de data 20 de Xaneiro de 2017,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria valorada para execución da Obra denominada “ Ampliación e Mellora de Camiños municipais nos lugares de Mallas, San Martiño e Padros - Fisterra ” cun presuposto de execución que ascende á cantidade de Corenta e tres mil cinco euros con sesenta e sete céntimos (43.005,67 €) excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, redactada pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo

desta Corporación na data 16 de Febreiro de 2017 que consta no expediente.

2) Solicitar da Vicepresidencia, unha Subvención polo importe de Trinta e catro mil catrocentos catro euros con cincuenta e catro céntimos (34.404,54 €) equivalente o 80% do seu orzamento total excluído o Imposto obre o Valor Engadido.-

3) Compromiso de aportación municipal polo importe de Dezasete mil seiscentos trinta e dous euros con trinta e dous céntimos (17.632,32 €) con cargo ó presuposto ordinario actualmente prorrogado.-

4) Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

SUBVENCION XUNTA DE GALICIA PERSOAL VIXILANCIA MEDIO AMBIENTAL

A vista da Orde do 30 de Decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de Subvencións da liña en cocorrenncia non competitiva e da liña en concorrenncia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017 destinadas a entidades locais de Galicia, publicada por parte de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicada no Diario Oficial de Galicia número 14 de data 20 de Xaneiro de 2017,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria explicativa para a contratación de dous auxiliares de Policía Local a xornada completa para desenvolver tarefas vinculadas ao medio ambiente cun custo total de contratación que ascende a cantidade de Catorce mil douscentos cincuenta euros con setenta céntimos (14.250,70 €) en concepto de Salarios e Cotas Empresa Seguridade Social durante o periodo comprendido entre os meses de Xuño a Setembro de 2017 (4).-

2) Solicitar da Vicepresidencia, unha Subvención polo importe de Once mil catrocentos euros con cincuenta e seis céntimos (11.400,56 €) equivalente o 80% dos gastos totais.--

3) Compromiso de aportación municipal polo importe de Dous mil oitocentos cincuenta euros con catorce céntimos (2.850,14 €) con cargo ó presuposto ordinario actualmente prorrogado.-

4) Facultar ó Sr. Alcalde para que en nome e representación desta Corporación proceda á sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.